



Convocatoria Premio Economista do Ano

Convócase, por primeira vez na historia do Colexio de Economistas da Coruña, o Premio Economista do Ano. A súa finalidade é recoñecer o labor de aqueles colexiados que destaquen singularmente pola súa contribución á economía ou á profesión de economista.

Dada a filosofía do premio, é preciso que o galardoado ostente a condición de membro do Colexio da Coruña

B A S E S

- 1.- Convócase o Premio Economista do Ano, outorgado polo Ilustre Colexio da Coruña.
- 2.- O Premio Economista do Ano será concedido a aquela persoa cun labor altamente significativo no ámbito da economía ou da profesión.
- 3.- Os candidatos deberán ostentar a condición de colexiados membros do Ilustre Colexio de Economistas da Coruña. Non poderán ser candidatos os patrocinadores do Premio nin os membros da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Economistas da Coruña.
- 4.- O premio non poderá ser outorgado a título póstumo.
- 5.- Os candidatos serán propostos polos colexiados do Ilustre Colexio de Economistas da Coruña. A proposta realizarase mediante impreso formal facilitado polo Colexio, no que se sinalarán os méritos que motivan a candidatura.
- 6.- Unha vez recibida a proposta, o Colexio pedirá ao candidato a súa conformidade coa preselección e poderá solicitar documentación adicional. Serán excluídos da lista de elixibles os colexiados que non dean a súa conformidade.
- 7.- A persoa que resulte seleccionada como Colexiado do Ano recibirá un diploma e unha medalla acreditativa.
- 8.- O prazo para a proposta de candidaturas finalizará o 30 de setembro de 2006.
- 9.- O xurado estará composto polos membros da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Economistas da Coruña. As súas decisións tomaranse pola maioría simple dos votos, decidindo en caso de igualdade, o voto de calidade do Decano-Presidente.
- 10.- O premio recaerá na candidatura que o xurado considere idónea de entre as propostas que acadaran maior respaldo por parte dos colexiados.
- 11.- O fallo se emitirá no último trimestre de 2006 e a súa entrega efectuarase nun acto solemne ao que se dará a oportuna difusión nos medios de comunicación social de ámbito galego. A data sinalaraa a Xunta de Goberno do Colexio de Economistas da Coruña dentro do último trimestre do ano.